

Eu quero xubilarme aos 67, conxelación de soldo, sen límite de horas semanais e un xefe moi prea. Total, non son un ser humano...

As «solucións» da crise

Xubilados aos 90

Se algo chama a atención sobre a proposta de poñer a idade de xubilación nos 67 anos non é quen fai a proposta, xa que o PSOE sempre foi o partido que fai as cousas que o PP non se atrevería a facer. Se non fose porque non somos moi partidários das teorías da conspiración mundial para foder a existencia dos traballadores, case poderíamos apuntar a tantas coincidencias deste tipo como para facer tres ou catro episodios de Cuarto Milenio (o programa dos fantasmas e marcianos da tele).

Foi o PSOE o que levou a cabo a grande reconversión industrial, ou sexa, o peche masivo das grandes empresas do fin do franquismo, que non se atvera a facer a UCD. Ao tempo, apoiou os Pactos da Moncloa e a Lei de Liberdade Sindical, que viñan dicir que os sindicatos CCOO e UGT calarian a boca a cambio de moita pasta en subvencións. Seguiron cos «contratos lixo» e as Empresas de Tránsito Temporal (ETTs), e así foron encetando

unha cousa e outra, desas que se as chega a propor ou facer o PP teriamos a todo o mundo na rua montando unha liorta de mil pares, até que chegamos a esta última crise económica.

Vale, pois xa temos catro millóns de parados (ou xa son cinco?), récord europeo e case mundial, e o goberno, preocupadísimo polos graves problemas económicos, sementa cartos dos nosos impostos en bancos, entidades financeiras, etc, e despois amoreira máis cartos dos nosos impostos (Plan E) para que os concellos paguen as súas empresas favoritas para que poñan tubos, baldosas, pavillóns deportivos, rodondas e palmeiras ananas por todas partes, fagan falta ou non. Aclaremos que eses empresarios son os mesmo que hai catro días non sabían onde meter os cartos (bueno, si: metían-nos en grandes bolsas negras...) que lles entraban polo bum da construción.

E aquí ven o que nos chama a

atención en todo isto: para saír da crise, o truco consiste, según o goberno, en regalar-lles cartos aos culpábeis da crise (os xénios das finanzas e da Bolsa), en regalar-lles cartos aos empresarios favoritos de cada concello, e en regalar-lles anos extra de traballo aos traballadores e traballadoras que non estexan aínda no paro. A saber, o goberno regala cartos dos nosos impostos aos causantes da crise, e para ter máis cartos que repartir aos seus amiguetes propon conxelar soldos e aumentar a idade de xubilación. Isto acompañado de ministros variados pedindo nos medios de comunicación que nos apretemos «todos» o cinto. Meu dito, meu feito: os traballadores e traballadoras dos grandes bancos, que gañaron estes anos unha morea de cartos e que no ano da supercrise mundial seguen gañando cartos a mancheas xa teñen o cinto ben amarradiño, e o mesmo pasa nas empresas que melloraron resultados coa crise (por exemplo: Gadis). Para todos estes, aumen-

Continua na páx. 2

Folga nas instalacións deportivas galegas

Unha folga como ten que ser

Nunca hai que crer nada do que diga a prensa sobre calquera folga, pero no caso da folga das instalacións deportivas galegas, unha folga larga, dura, feita por un colectivo pouco numeroso nun sector completamente marginal, recente, sen presenza no mundo sindical, as informacións dos medios de comunicación, especialmente da prensa, acabaron refrexando (inda que fose involuntariamente) como hai que facer unha folga nos tempos que corren.

Ao principio, as novas aparecían nunha páxina moi dentro do periódico, sección deportes locais, en pequeno, con informacións confusas e anecdóticas. Como sempre que se trata de problemas laborais, non hai xeito de saber pola información na prensa de que vai realmente o conflito. Aquí, as novas falaban de piscinas con colorantes, partidos importantísimos que se podían cancelar con grave perda para o prestixio de Galicia, algún vándalo que rompía cristais ou portas. Despois vimos que non era cousa de vándalos, xa que aparecían



novas de encerramentos con altos cargos da Xunta, negociacións que se interrompían constantemente, sindicatos que querían negociar pero aos que os traballadores lles botaban abaixo uns acordos traballosamente conseguidos despois de varias horas de bla-bla ao redor dunha mesa moi grande. Que era todo isto?

A medida que pasaban os días e a folga non paraba, se non que se extendía, e que os actos reivindicativos, asembleas, pancartas, sentadas e encerros se facían máis numerosos e insistentes, os periodistas e os seus pacientes lectores finalmente despertamos e dixemos: aquí hai xente que vai en serio. E os da prensa comezaron, por fin!, a falar do fondo da cuestión: a negociación do convenio, a resistencia da patronal, como os traballadores e traballadoras decidiran (o nunca visto!) seguir coa folga INDEFINIDA até que non se conseguiran

as reivindicacións. Mesmo comezaron a informar con detalle de que cousas se reivindicaban.

Señoras e señores, aquí vimos que non só ian en serio, se non que ademais tiñan máis moral que o Alcoiano: tiñan en contra a prensa, a patronal, a Xunta, e mesmo os sindicatos «máis representativos» (eses que lles pedían que deixasen a folga para poder negociar con tranquilidade). E os das instalacións deportivas, erre que erre, folga indefinida, reivindicacións firmes, todos unidos sen importar bandeiras ou ideoloxías, os obxectivos moi ben perfilados, a estratexia moi clara: a asemblea manda, os traballadores mandan, as reivindicacións mandan, e quen se queira unir, que acate as decisións e arree xunto cos traballadores, non diante deles, nen pretendendo substituílos. E mesmo conseguiron cartos e os repartiron linealmente entre

Continua na páx. 3



Menos traballadores e mais mortos

O ano pasado aumentou un 4,23% o número de traballadores que perderon a vida no centro de traballo, segundo o Issga, ou o que ven a ser o mesmo, que no 2009 houbo 74 mortos. Se fixéramos a conta vería-se que seguen a ser os mesmos sectores de sem-

pre os que teñen unha maior sinistralidade laboral: a construción de primeira e despois están servizos, pesca e agricultura. Ou sexa menos traballo, menos traballadoras e traballadoras con curro e seguen a aumentar as mortes. Que mo expliquen.

Amadeu Casellas, libre

O preso libertario Amadeu Casellas saíu día 9 de marzo da prisión, despois de vinte e catro anos encarcerado. Unificáronse os expedientes do antigo código penal e do novo e, unha vez feito o cómputo das penas, **concluíuse que Casellas cumpriu oito**

anos de pena que non lle correspondían.

Xa facía moito tempo que Casellas e os seus compañeiros denunciaban esta situación, pero os responsables de Xustiza e centros penais sempre o negaron.

Conxugemos o verbo «Trincar»

Hai poucos días, ou semanas, depende de cando lle boten o ollo a este número de Solidariedade Obreira, a prensa galega deleitou-nos coa noticia de cómo trincaban os nosos parlamentarios a costa de falsear dietas e quilómetros. Houbo quen apañou máis de 20.000 euros.

Multipliquen pola metade dos parlamentarios, e verán que chachi. Ou por unha cuarta parte. O total da operación, por 18 Parlamentos.

Sen descartar que nas Deputacións, Concellos, Organismos Autónomos, Consellos de Administración de empresas semi-públicas e Universidades exista unha rede corrupta como a que actúa no Parlamento Galego, a un nivel menor, vale, pero aí están.

E se engadimos o que apañan os partidos políticos, as súas fundacións casposas pero gastonas, e máis os sindicatos e as súas fundacións, poderemos contemplar sen esforzo unha ferverza de cartos públicos, obtidos pola vía

impositiva, que, sen control, rematan a súa vida laboral nos petos dunha caste que viaxa en coche oficial.

E de trinques vai o asunto de hoxe. O que se chama «sociedade civil», ou sexa, as asociacións de veciños, os sindicatos, os clubs de calquer actividade deportiva ou de lecer, as asociacións feministas..., non deberían depender nen unha mica da subvención: o carto fácil do Estado mata a iniciativa e, sobre todo, a independencia e a liberdade. Os políticos prefiren narcotizar o pouco que haxa con vida aquí abaixo pola vía da subvención e de todas as corruptelas que trae consigo, é-lles máis doado e máis cómodo: que non haxa vida, que non haxa resposta, que non haxa criterio.

Para nós, para o anarcosindicalismo da CNT, a vía da subvención leva directamente á corrupción... claro que polo rego da política acabas corrupto antes... por iso eles dan e cobran as subvencións.

Xubilados aos 90

Ven da páxina 1

tos ridículos, e para os demais, aumento cero. E para todo o mundo, dous anos máis de traballo. Perdón, non para todo o mundo: os executivos non entran nesta conta, nen os parlamentarios, nen os ministros. Que casualidade: xusto os que toman as decisións sobre a nosa vida!

E, mira que cousas, tampouco entran gardacivís nen militares. Ia dicir que, por sorte, tampouco os mineiros, pero imos calar, porque mineiros xa practicamente non quedan: case todas as minas están pechadas e as que aínda existen (granitos e pizarra) non entran nas xubilacións especiais. Para xubilacións con menos de 60 anos, polo tanto, só quedan o persoal de aviación, matadores de touros, artistas de circo e bombeiros. Os demais seguiremos subidos nun andámio, botando masa ou asfalto nas estradas, limpando cristais, cociñando, cuidando enfermos, servindo mesas, etc, anos despois de que o noso corpo xa non teña forzas para subir o palé ao terceiro piso, para mover ao enfermo, para cargar co saco cemento de 25 kilos ou para

aguantar da taladradora. Se cadra, tampouco estaremos moi hábiles de aquela para traballar de teleoperadores, ou amañando ordenadores, ou dando clase a unha chea de adolescentes. Na CNT sempre defendemos baixar a idade de xubilación aos 55 ou aos 50 anos (utópico? tamén era utópico falar da xornada laboral de 8 horas hai 100 anos, cando o noso sindicato foi fundado, ou hai 150, cando comezou o movemento obreiro), pero nos estamos prantexando seriamente pedir idade de xubilación aos 90... para os políticos e empresarios. Tería moitas vantaxes para os traballadores: pasarían a maior parte do tempo falando dos seus achaques, esquecerían esa nova lei que estaban preparando, pulsarían o botón equivocado nas votacións, non lembrarían que había que despedir a metade do persoal ou pechar tal e cual empresa. Ademais, non deixarían os seus «postos de traballo» aos seus descendentes, sempre máis ambiciosos que os pais e con aínda menos escrúpulos. Nada, decidido: xubilación aos 90 xa!

O proceso de Brais:
«Coisas veredes»

Talvez o mais importante de este conflito foi a grande solidariedade gerada ao redor do «caso Brais», tanto na Galiza como no resto do estado e mesmo no estranxeiro (tamén en Portugal), tanto no Ensino como em outros sectores. Tudo isto devémolo contar no noso haber; tamén temos que apontar a solidariedade de outros sindicatos do ensino como CIG e STEG, no juízo de Brais, celebrado o 9 de Fevereiro. Geramos 15 noticias con un total de 6731 visitas na nosa web. Mas devémolos deter un bocadinho para tratar de analizar e aprender tanto dos erros, se os houber, como dos acertos que estamos convencidos que tamén tivemos.

nesse idioma, cometeu o «erro» de comentá-lo em uma reunião do Departamento de Matemática, tratando de fazer-lhes ver aos companheiros a irregularidade na aplicação do decreto, que se devia cumprir, o que decorreu em uma discussão em termos normais, mas que derivou, mercê ao autoritarismo imperante nesse liceu, na abertura via inspeção educativa no processo contra Brais.

O espírito de Kafka

Num primeiro momento quiseram ocultar o propósito da abertura do expediente, disfarçando-o com outros motivos e até a resposta da Conselharia às primeiras alegações não soubemos de que ia o caso. De tal jeito que a Conselharia submeteu ao companheiro a uma total indefensão, pois não sabia por onde iam atacar em cada volta de porca que davam. Assim passaram até três alegações com suas respectivas respostas, em cada uma delas foi-se desentranhando o mistério até chegarmos à sanção final.

O processo foi como vos contamos absolutamente kafkiano, pois um professor é submetido a uma «caça de bruxas», por uma razão fundamental e esta não é outra que o autoritarismo imperante nesse liceu, onde não podiam permitir que um substituto «de merda» se atrevera a pôr-lhes as pilhas a uns ensinantes «de pro», um deles antigo alcalde de Arteijo e portanto «intocável», que um rapaz novo vestira como quisier e falara-lhe de igual a igual à Chefá de estudos, como companheira que se presumia que era, pois devia-se descobrir diante da sua presença tirando a gorra e por último, que este professor libertário se atrevera a denunciar no seu blog privado as manipulações que a directora tinha com a policía, permitindo que esta entrara «à paisana» a revistar aos rapazes e raparigas do liceu, algo que o companheiro Brais não estava disposto a permitir sem denunciá-lo com os meios que tivera ao seu dispor.

Muita má entranha tiveram na Conselharia, para depois de seis meses de sofrimento e dous dias antes de cumprir-se o prazo, no fim de semana antes de mudar o governo da «Xunta» o 26 de Fevereiro de 2009, o companheiro Brais é sancionado com 21 dias de suspensión de emprego e soldo. Aquí salientamos que profesor Brais é julgado como se fora um funcionario, ele que não o era, aplicando-lhe outra sanção em función da Addenda 11/07/06, firmada pelos sindicatos minori-

tários no sector CC.OO., CSIF e ANPE, dizque para estabilidade no emprego. Addenda pela que o companheiro Brais é despedido «ipso facto» e sem contemplacións, pois é borrado das listas de interinos-substitutos de maneira que não pode voltar a traballar e fixa-se o juízo contencioso-administrativo para o ano seguinte, o 9 de Fevereiro do 2010.

A nosa campaha

Em tudo este tempo iniciamos uma campaña de recollida de firmas, por todos os centros de ensino da Galiza e na nosa web, com muitos bons resultados a pesar de que não pudemos recoller todas as firmas. Também logramos que alguma imprensa burguesa fizera-se eco do problema, fizemos palestras, encontros com outros sindicatos, fizemos multiplas concentracións em Compostela o 26 de Março diante das Conselharias, diante do Parlamento o 1 de Abril, nas diferentes Delegacións provinciais da Corunha, Lugo e Ponte Vedra no mês de Abril, em Ferrol o dia 15, o 26 de Abril fomos a Arteijo facendo una concentración diante do liceu «Manuel Murguia», uma palestra em Compostela com o STEG na Gentalha do Pichel, manifestación em Arteijo o 20 de Junho, e por último outras duas concentracións em Compostela o 4 de Fevereiro do presente ano e o dia do juízo o 9 diante dos Julgados de Fontinhas. Em todas e cada una das accións estivemos arropados por companheiros e compañeiras solidários com a causa de Brais.

Como entender as sanções impostas senão é polo autoritarismo e a repressão que rege o ensino em algúns liceus, onde quem se atreva a «dissentir» ou protestar pelo trato dado aos alunos e alunas ao permitir (e chamar) à policía no liceu e revistar aos rapazes, pervertindo a chamada «Lei de Convivencia»? Como entender as sanções impostas ao noso companheiro Brais senão como a represália exercida sobre un profesor galego falante que, no seu pleno direito e cumprindo com as normas, quer dar as suas aulas en idioma galego? Esta organización sindical, a CNT, levará o caso ás mais altas instancias e portanto continuamos demandando a supresión da Addenda do 11/6/2006 ao acordo de 20/6/1995 e a readmisión de Brais.

to be continued

A sentenza contamos se coñeza no prazo dun mês. Seguiremos-vos a informar na páxina www.cntgaliza.org, no apartado *O caso Brais* de todas as novidades entorno a este tema.

Solidariedade
Obreira

Solidariedade Obreira é unha publicación periódica editada pola Confederación Nacional do Traballo da Galiza.
Dep. Legal: C-984-2006
Compostela, Abril 2010

Enderezos da CNT na Galiza

Comité da Rexional Galáica

cr@cntgaliza.org
www.cntgaliza.org

Blog hostelería e comércio: <http://cnthosteleria.blogspot.com/>

Blog Sección TVE Galicia: <http://cntrtvegalicia.blogspot.com/>

A Coruña

Rua Washington, 36, baixo 15002 A CORUÑA
Tel/Fax: 981 90 40 44

Correio Electrónico: corunha@cntgaliza.org
Correspondencia: Apdo 928 15080 A CORUÑA

Compostela

R/ Garcia Prieto, 24-28 15706 COMPOSTELA (A CORUÑA)
Tel: 981 590 910 Fax: 981 534 256

Correio Electrónico: compostela@cntgaliza.org
Correspondencia: Apdo 590 15780 COMPOSTELA (A COR.)

Vigo

R/ Príncipe, 22, 1º Local 34 36202 VIGO (PONTEVEDRA)
Tel. e Fax: 886 116 558

Correio Electrónico: sov@vigo.cnt-ait.es

Lugo

R/ Ramiro Rueda, 15, Entrechán Dta. 27002 LUGO
Tel: 650 269 807

lugo@cntgaliza.org

Blog: <http://cntlugo.blogspot.com/>

Pontevedra

R/ Pasertería, 1 (Edif. dos Sindicatos), 3º andar 36002 PONTEVEDRA
Tel: 607 511 678

pontevedra@cntgaliza.org

Blog Sección sindical Universidade de Vigo, Campus de Pontevedra:
<http://cntunivigo.blogspot.com/>

Betanzos

Rúa San Francisco 40-1º 15300 BETANZOS
Apdo 95 15300 BETANZOS (A CORUÑA)

betanzos@cntgaliza.org

Blog: <http://cntbetanzos.blogspot.com/>

Ferrol

Avenida de Esteiro, 10, baixo 15401 FERROL (A CORUÑA)
Correspondencia: Apdo 147 15401 FERROL (A CORUÑA)

ferrol@cntgaliza.org

Os nosos erros

Dos erros que cometemos, muitos vém derivados da nosa falta de capacidade para chegarmos aos meios de comunicación burgueses, pois somos un sindicato com aínda pouca presenza no Ensino e por outro lado «condenados a sair na páxina de sucesos» de qualquer jornal, no entanto não produzamos un acontecemento relevante.

Em primeiro lugar não atalhamos o expediente, antes de que a maquinaria da Conselharia se puser a andar. Há que ter enconta que, quando se pom em marcha un expediente disciplinario, desde a Inspección educativa não te informam de que vai o caso e podes cometer erros, ao declarares, de tal maneira que estás vendido. Este foi o caso do companheiro Brais que ao não saber de que ia o asunto e não tendo nada que ocultar, procedeu a declarar a todas e cada una das perguntas que lhe fez a inspectora-instrutora Berta Estrada, a respeito de un liceu onde o companheiro estivera quinze dias no curso anterior do 8 ao 23 de Abril de 2008. Claro está o Brais não se lembrava de quase nada do que acontecera naquel liceu, pois passaram pela sua vida muitos meses e muitos liceus.

O paradoxo

Dá-se o paradoxo que esta inspectora-instrutora Berta Estrada, fora designada pelo chefe de inspectores da Conselharia José Luís Mira, ao que se deviam dirixir todas as irregularidades a respeito do uso do Galego nas aulas e a aplicación do decreto 124/2007, e curiosamente foi ele quem pondo-se do lado da Dirección do «Manuel Murgia» sem ter enconta que esta não cumpría a normativa sobre o uso do «Galego» mandou abrir-lhe un expediente ao Brais. O noso companheiro quando chegou ao liceu «Manuel Murgia» e comprobar nas aulas, que os libros estavam em castelhano e as aulas tamén se davam

Unha folga como ten que ser

Ven da páxina 1

os folguistas, ou fixeron bonos de apoio e os venderon pola rua. Hai quen dé máis? Traballadores e traballadoras que se auto-organizan, que obrigan aos sindicatos «oficiais» a ir por tras deles, que non se baixan da moto inda que teñan a todo o mundo en contra. Estes si que saben o que é unha folga e como hai que facela. E ADEMAIS GANARON, como é lóxico e natural!

No momento de escribirmos isto (10 de marzo) aínda non coñecemos os detalles do acordo, pero sabemos que practicamente conseguiron todas as reivindicacións, e que os soldos subirán entre o 14% até máis do 40% en



algúns casos, a parte do respeito a determinados complementos. Vaia para eles todo o noso apoio e admiración.

E o resto dos traballadores e traballadoras, tomemos nota: a unidade, a determinación e catro ideas firmes fan a diferenza entre que sexamos a última merda ou que teñamos posibilidades de facer oír a nosa voz e gañar.

O paradoxo do obreiro consciente

Imaxinádevos unha escena do heroico movemento obreiro dos finais do século XIX, cunha pequena empresa dalgunha pequena localidade do país, na que comeza a axitarse a bandeira das reivindicacións proletarias. Entre as traballadoras e traballadores hai un obreiro que exerce certo liderazgo sobre os seus compañeiros: está na cabeza das comisións reivindicativas; procura formarse en aspectos legais, económicos e sociais para actuar con máis fundamento; está implicado na vida orgánica do sindicato a que pertence; e tenta estimular a solidariedade entre o persoal da empresa na que traballa. Pola súa actividade, é o maior inimigo do empresario, e padece a represión sindical, con sancións, asignación das tarefas máis ingratas, acoso dos capataces e vexilancia por parte dos chivatos. Mais o noso obreiro mantense firme e prosegue a súa actividade a favor da clase traballadora e contra os intereses da patronal.

O patrón e vello cacique está disposto a calquera cousa con tal de desfacerse dese incómodo sindicalista. Tenta facelo poñendo contra del aos seus compañeiros, ameazando á súa familia, atacando a súa dignidade profesional, e de mil maneiras posibles. Mais non o consegue. O problema fáiselle tan grande que mesmo recorre ao gobernador civil, ao que pide axuda para librarse daquel militante obreiro. Argumenta que este traballador representa mesmo unha ameaza para a orde pública, pois o seu traballo sindical pode dexenerar en conflitos, folgas e manifestacións. É entón o propio representante do goberno o que exerce de interlocutor co sindicato ao que pertence este obreiro. O goberno ofrécelle unha certa cantidade de diñeiro ao sindicato e un emprego noutra localidade ao sindicalista, con mellores condicións laborais, menos traballo físico, mellor pagado, lonxe do taller, e con certa liberdade de horario. Imaxínade cal sería a reacción do obreirismo organizado daquel tempo diante de sindicalistas e sindicatos que

acceptasen ese tipo de ofertas e abandonasen a súa actividade reivindicativa a cambio de certos beneficios concertados entre o goberno e o empresariado. Posiblemente o seu comportamento sería denunciado na prensa obreira e os nomes dos protagonistas serían sinalados como traidores aos intereses colectivos da clase traballadora. Case con toda seguridade, pode afirmarse que tal oferta nunca sería aceptada polo sindicato nin polo traballador, e sería interpretada como un atentado á súa dignidade e como un novo ataque á independencia sindical.

Pois ben, resulta que ese e non outro é o modelo sindical do que hoxe gozamos, ben pola vía dos comités de empresa ou ben pola dos liberados sindicais. Estamos diante dun contubernio entre a patronal, a administración e os sindicatos que remata por abortar na raíz calquera intento de facer un sindicalismo combativo. Un sistema que comeza por «expulsar» das empresas e dos talleres aos obreiros que protestan, e que remata por converte-los en traidores á súa propia clase. Un maquiavélico plan que mesmo desconecta do mundo laboral e separa dos seus antigos compañeiros, á minoría de liberados sindicais que teñen algunha intención de traballar en beneficio da colectividade

Ao cabo, patronal, administración e sindicatos unen os seus esforzos por abrir unha vía de saída para os traballadores que «incomodan» aos empresarios, e rematan por ofrecer un camiño para que os peores espécimes do mundo laboral pasen a vivir nunha situación de privilexio respecto aos seus ex-compañeiros. Din que cando estes elementos cruzan a porta da empresa na que traballaban e comezan a súa actividade sindical formalizan a súa nova situación con este xuramento: «A Dios pongo por testigo que jamás volveré al taller».

Liberto Silveira

A subcontratación na Administración Pública

Nos últimos anos na Administración Pública ven-se dando unha situación laboral dunha maneira habitual: A subcontratación.

Coa subcontratación de traballadores e traballadoras a Administración evita a creación de postos propios e dispón de traballadores precarizados como persoal estrutural. As empresas subcontratadas reciben inxentes cantidades económicas por esta manobra e limitan-se a ceder ao persoal e deixá-lo en mans da Administración limitando-se a pagar as nóminas dos seus empregados.

Esta situación de subcontratación é en moitos casos unha cesión ilegal de traballadores.

Para saber se a contrata ou subcontrata non está prestando uns servizos específicos á Administración, senón que só aporta man de obra, e portanto os seus traballadores están cedidos ilegalmente basta comprobar que concorren algunhas das seguintes condicións:

1) O horario de traballo coincide co d@s funcionários ou persoal ao servizo da Administración Pública.

2) O posto de traballo está en instalacións da Administración.

3) Os medios de traballo (computador, conta de correo...), son



propiedade da Administración.

4) Os traballadores subcontratados reciben ordes de funcionáriu@s ou persoal ao servizo da Administración.

5) A empresa non aporta nada á Administración ademais da man de obra.

Se concorren unha ou varias destas circunstancias a empresa pode estar a ceder ilegalmente aos seus traballadores. As consecuencias son:

Antes dun despido

1) Se se demanda esta situación antes de que se produza un despido: o traballador poderá elixir traballar para a empresa (con contrato indefinido) ou para a Administración (con contrato de indefinido non fixo, podendo-se cubrir o posto no momento en que se convoque un proceso selectivo).

2) En ningún momento poden despedir a un traballador por ter

demandado os seus dereitos (protección pola garantía de indemnidade).

3) Se se elixe traballar para a Administración e se convoca un proceso selectivo para a tua praza (único motivo polo que poden botá-lo), ten dereito a 20 días de salario por ano de servizo, que comeza a contar desde que se comezou a prestar traballo coa empresa cedente nesa Administración.

Despois dun despido

O máis probábel é que o despido sexa declarado improcedente, tendo dereito a unha indemnización de 45 días de salario por ano de servizo, até un máximo de 42 mensualidades.

Un caso semellante, aínda que non idéntico, prodúcese cando a Administración subcontrata traballadores directamente coa fórmula de autónomos obrigatórios.

Son centos os traballadores e traballadoras que teñen denunciado á Xunta de Galicia ao longo dos distintos gobernos que seguiron con estas prácticas laborais ilegais. Nunha alta porcentaxe os denunciados son agora persoal laboral da Administración coa consecuente mellora nas súas condicións laborais.

¿A globalización da crise ou a crise da globalización?

Capitalismo é crise. Tanto polos seus ciclos de crecemento e de decrecemento, como pola constante loita pola produtividade/competitividade e o que iso comporta de ameaza constante de perda do posto de traballo ou de beneficios: capitalismo ou liberalismo ou neoliberalismo, chamádelle como vos apeteza, é crise.

E xa sabemos que vivimos nun mundo globalizado, un mundo no que se proclamou o fin a historia, noutras palabras, o triunfo do capitalismo, o triunfo da crise, a globalización da crise.

Pero a crise, perdón, o capitalismo, funciona como un espello, cómpre un produto que alguén produza e alguén ó outro lado do cristal que o consuma, o constante ir e vir entre produtores e consumidores é o que dá vida ó capitalismo, outro equilibrio inestable, outra imaxe da crise.

Temos pois un mundo dominado polo capital e globalizado. O termo globalización a moitos prodúcelles rexeitamento, pero nun principio é un termo positivo, fala da maior comunicación entre as xentes, da maior facilidade para o intercambio de produtos, de información, de cultura, de solidariedade, de unión. Evidentemente o rexeitamento que produce esta palabra é porque en realidade o que se globalizou principalmente foi

aquilo que o capital considerou oportuno, con consecuencias como a deslocalización, unha especie de crise de quita e pon.

Estas pequenas crises da deslocalización (pequenas non para os que as padecen, claro) amósannos outro aspecto da globalización: un mundo de ricos, occidente, que consome o que producen os pobres, iso que chaman o «terceiro» mundo. Pero se non produces, ou se consumes máis do que produces rematas sendo ti tamén pobre, rematas por non poder consumir, e sen consumo non hai capitalismo. É a crise da globalización, crises deslocalizadoras que agora se globalizaron, xeneralizaron.

Esta é a crise na que nos atopamos, crise que non xurdiu das hipoteca lixo, en realidade saltou ás primeiras páxinas da prensa pola súa causa. A súa orixe en realidade hai que procurala no consumo sen conciencia que a sociedade occidental mantivo, e mantén. O déficit público dos EEUU é o que permitiu que países como a China aparezan como iso que chaman potencias emerxentes. E agora estas potencias buscan se independizar do dólar para manter o seu crecemento ou rematar reflectindo como un espello a crise do outro lado.

O final de toda esta historia?, ou polo menos deste episodio da

historia, que, como xa sabemos, non está morta: pois se nos poñemos a adiviñadores, poderemos entrever un mundo gobernado por unha clase dirixente, unha burguesía global, mellor ou peor distribuída por todo os estados, pois todos eles esixirán unha parte do pastel, con capacidade para dirixir ó resto da poboación e sobre todo capacidade para consumir. Esta será pois unha clase relativamente ampla, que con pouca produción, ou cunha produción de «alto valor engadido» poderá consumir o que o resto produza. Un resto formado por unha clase traballadora que viva para o día a día e polos excluídos, xente sen oficina nin beneficio, que sobreviven a duras penas á marxe da sociedade.

Esta distribución evidentemente non é algo novo, xa existe hoxe. A diferenza estriba en que existirá unha maior homoxeneidade, globalización, no seu reparto entre todos os estados. Preparémonos dende o noso occidente para ser parte do terceiro e cuarto mundo, aqueles que aínda non o sexamos.

Preparémonos para o seguinte episodio da historia, para a revolución global, dende Chile ó Xapón, dende Australia a Islandia, pola Internacional, coa AIT.

javier

O derrubo da memoria

A destrución das casas das Atochas (o 18 de febreiro, na Coruña), dos fogares das mulleres e dos homes anarquistas que as dignificaron cos seus folgos é, se cadra, o acto máis vergoñento que fixo ata o de agora o Concello Bipartito d'A Cruña. Pois o que o PSOE e o BNG, confabulados única e exclusivamente por intereses económicos e políticos, están a derrubar nas abas do Monte Alto non son uns cantos alpendres vellos, como pretenden iles e os construtores cos que mercadean, senón as memorias, as pegadas das cruñesas e dos cruñeses máis nobres, máis íntegros que houbo endexamais nesta cidade. Xente que, abofé, parece increíble que chegase a existir. Obreiras e obreiros, sen deus e sen amo, que abriron os camiños polos que hoxe paseamos sen lembrarnos deles.

Mais, denantes de expresar eu, outro día, a miña indignación perante semellante ignominia, cédolle o espazo e a palabra a «un colectivo de veciñas e veciños disconformes» coa actuación do Concello, e sobre cuxas cabezas penduran tamén as poutas da cobiza. Velaquí o seu texto:

«Hai dúas cousas salientables respecto ó que está a pasar na rúa das Atochas dende o Mércores de Cinza, a data, ben significativa, que o Concello e a empresa de construción contratada por el escolleron pra honrar o antroido da Torre e a vida profunda e fervente da que ela é signo e mito,

comezando o derrubo dunha mazá enteira de casas ben reunidas polo amor e o tempo nas costas do Monte Alto, no arrabaldeiro corazón da cidade, e habitada con paixón por varias irmás anarquistas que alí mesmo foron asasinadas, xusto un ano despois do golpe de 1936, mentres arredor delas, polas rúas e polos portos, organizaban a axuda dos agochados, as fugas, reconstruían a CNT desfeita, miraban por dúas veces de sublevar os mozos dos cuarteis, loitaban arreo contra a obediencia cega. De todo o cal seica non pode nin debe ficar memoria ningunha.

A primeira cousa é que o Concello decidiu á mantenta actuar completamente fóra da súa propia lei. Non respectou as precaucións que a Lei de Ordenamento Urbanístico de 2003 impón cando se inicia a revisión do PXOM, nin respectou o seu propio acordo de suspensión de licenzas nesta zona das Atochas mentres non se aprobase o novo plan. Tampouco respectou o prazo de alegacións que aínda estaba aberto cando principiou o derrubo, nin amosa nin esixe amosar á empresa concesionaria da obra, a de Angel Jove, a licenza da obra, nin tampouco un cartel para explicar publicamente a natureza desta, o número de expediente, a data de inicio e de finalización, as actuacións previstas, etc. De xeito e maneira que todo nos fai coidar que non existe a tal licenza.

Tampouco respondeu ás alegacións presentadas pol@s veciñ@s, nin tramitou a solicitude de que se considerase a mazá de casas como zona protexida pola Lei de Patrimonio (16/1985) e pola Lei de Memoria Histórica (52/2007), nin informou do derrubo inminente, nin respondeu ás preguntas que diversas persoas fixeron nas súas labirínticas oficinas, nin aceptou as denuncias que estas mesmas veciñas quixeron facer na Concellería de Urbanismo e na sede da Policía Local.

O único xeito de comunicación que empregou o Concello foi enviar unha patrulla da policía, a cal, moi amablemente, empurrou as persoas que esixían a pé de obra que cumprisen a lei, no canto de protexer a arbitrariedade municipal. A súa resposta, daquela, é ben clara: tampouco as persoas temos dereitos. Só deberes que cumprimos e ordenanzas que acatamos.

A segunda cousa que aconteceu estes días foi que xurdiron dúas liñas de pensamento entre @s veciñ@s que falaban do acontecido no ruciro. Unh@s tiñan o sentimento de humillación, a lembranza, e maila rabia. Outr@s falaban de progreso, cousa dabondo estraña, xa que é el, ese suposto «progreso», quen @s vai botar fóra do barrio que durante décadas elas mesmas, esas persoas, souberon facer e conservar. Así, os que mandan ispen cada vez máis o seu mando, gobernan coa satisfacción de ser obedecidos pa-

sivamente. As súas fantasías son ordes; a imaxinación da xente ten que vivir de frangullas.

Que a lei sempre foi poder xa o sabiamos. Nestes días os caciques que gobernan, disque no noso nome, amosan moi claramente que non senten necesidade ningunha de cumprir co pequeno celme de razón común e desexo popular que as leis entrañan. Mormente pra mellor nos enganaren e manteren ilusionados e despistados, pero tamén por medo ó pobo. Da lei só nos fica, xa que logo, a simple obediencia. Das arelas de xustiza e liberdade que tiñan en común as persoas que un día viviron por e pra tod@s nós, e non pra obedeceren ós caciques, non pode ficar nada. Nin os tellados, nin as fiestras, nin os nomes, como tampouco puideron ficar as olladas, nin as mans, nin as palabras.

Agora, os mesmos que están a desfacer a vida propia do noso barrio e a substituíla polos negocios inmobiliarios e a nova soidade, reunindo os intereses do Concello e das empresas destrutoras en plans de urbanismo e polígonos de actuación, os mesmos que ateigaron a cidade de edificios medio baleiros e as rúas de coches que non van a ningures, queren estrullar a feito o territorio, e propoñennos camiños floridos de xardín en xardín.

@s veciñ@s pobres xa saben o que lles queda. Marchar. Abandonad@s, coaccionad@s, expropia-

d@s, sen defensa ningunha. Para elas e pra eles tan só a cega obediencia. Os benfeitores fan a lei e a trampa, e cando o barrio vai estoupar de tanto piso inútil queren estrullalo de todo, coa escusa de nos faceren unha rotonda ou unha praza interior e raquíca que ninguén lles pediu.

O contido utópico destas mentiras que algunh@s persoas viven como soños está nesa escaseza de felicidade que os gobernantes producen. Cando só queda ler nos xornais o que nos vai pasar o mes vindeiro, e rézase o sagrado éche o que hai con degoiro de escrav@s, as mentiras prométenos estas beldades: praza e xardín, chan e ar esponxosos.

Estes sentimentos que os que mandan volven do revés aínda son os nosos, os de tod@s. As veciñas de San Xosé, de San Roque, de Elviña, que saben o que é ser un barrio, e o que é ser amigas, van aprendendo tamén a qué chaman planificar aqueles que nos gobernan: planificárennos a nós. Pero nós, cando os caciques só queren que sexamos súbdit@s, aínda sabemos ser praza e xardín. Pola vida libre na rúa, pola memoria d@s desobedientes,

En pé as mortas e os mortos!».

XOÁN ABELEIRA

Publicado en La Opinión de A Coruña, 1 de marzo de 2010



SUCESOS PARANORMAIS

Hai vida intelixente aí fora?

Iniciamos esta sección no periódico da CNT da Galiza porque xa é tempo de desbotar tópicos e lugares comúns. Desde aquí temos que dicir, sen medo, que hai feitos constatados que carecen de explicación científica ou racional.

Quen non queira acreditar neles, porque está amarrado atavicamente á tradición revolucionaria, que non acredite, pero os feitos aí os están. Que nolos expliquen os descridos, se poden.

Trataremos, nesta sección, de ir plantexando todos os misterios que este mundo nos depara, dándolles por fin as solucións que só as mentes abertas saben atopar.

-Construíronse as pirámides, con forma triangular pero en tres dimensións, cando aínda non había tecnoloxía capaz de facelo. Non dicimos máis.

-A mancha de humidade do meu cuarto representa un home barbado con coroa de espiñas. Póñame onde me poña, sempre mira para min con compasivo ollar. Non digo máis.

-Amplíase a idade de xubilación até os 67 e hai traballadores que din «menos mal que non é até os 70».

-Amplíase a idade de xubilación

até os 67 e hai traballadores que din «Bueno, é que hai traballos en que ben o aguantarán».

-Amplíase a idade de xubilación até os 67 e hai traballadores que din «Ten que ser, que se non o sistema de pensións non se sostén».

-Amplíase a idade de xubilación até os 67 e hai traballadores que din «Se é como en Europa, vale».

-Amplíase a idade de xubilación até os 67 e hai traballadores que din «Uf, menos mal, que se non, non me daban os anos cotizados para cobrar pensión».

-Amplíase a idade de xubilación até os 67 e hai traballadores que pensan e din como se fosen empresarios, «polo ben do país».

Non hai explicación racional. Non hai ciencia que lle dea sentido.

Houbo abdución extraterrestre. Masiva, ademais, entre os traballadores. Así todo cadra, todo encaixa, todo camiña cara un obxectivo claro.

Os extraterrestres, ademais de seren intelixentes e capitalistas, teñen sentido do humor.

Explicado, pois, o das pirámides, deixaremos para un vindeiro número o do home barbado do meu cuarto.

Crónica do Xuízo

Os 6 de Belgrado Livres

Vamos chegando a Belgrado diferentes compañeiros e compañeiras das distintas seccións anarco-sindicalistas da AIT, entre elas a ZSP de Polónia, FAU Alemá, Solidarity Federation Inglesa... e afins. Aínda que se presenta un clima xélido e a derramar de neve, non perdemos a esperanza de arroupar aos compañeiros represaliados co noso calor solidario.

Segundo nos contan os compañeiros servios da ASI, hai bastantes posibilidades de que este xuízo farsa, que se celebrará amañá ás 10:00, fique en nada, posto que, pese às elevadas acusacións das que foron obxecto, os factos revelan pouca consistencia. Conto, non deixa de ser un xuízo político no que o ministerio de interior ten bastante que dicir, algo moi dado nisto que chaman democracia, polo que non nos vamos a adiantar aos acontecementos pola experiencia que macteramos nestes casos. Como CNT vamos a intentar asistir ao xuízo e participaremos nos diferentes actos de apoio e às xornadas que lle preceden.

Asistimos con antelación ao Palácio de Xustiza porque se preveía que ía a encher-se a sala. Unha vez ali, a sorpresa foron os máis de trescentos compañeiros/as que abarrotaban a sala e o hall. Notában-se novas presenzas: Gregos, Búlgaros... e da zona dos balcáns co fin de somar apoio.

Pronto na sala no coube ninguén máis e o hall ficou cheo de activistas sen poder entrar a presenciar o xuízo. Durante varias horas intentamos tirar fotos e entrar cada vez que se abría a porta. O descontrol ao que submetemos à policía foi encomiável. Para alén de mareá-los, pudemos colar en un descuido a cámara para tirar fotos do interior, cousa que nos costou o seu requisamento por parte das autoridades, xa que se trata de xulgados de primeira instancia. Para nós era de vital importancia facermos presión no interior destes, pois era onde se criaba máis tensión e desobediencia ao abusivo proceso.

Cabe destacar que Sérvia é na actualidade un férreo estado fascista por resultado de tanta escaramuza internacional e as guerras sufridas recentemente (e das cais todavía non levantou cabeza). De facto, os bombardeos dos 90 son aínda visíbeis en algúns edificios. Isto moi reducidamente explicado, fixo que aflore o peor dos totalitarismos. En Sérvia non se pode reivindicar nada e tampouco facer propaganda e menos aínda pór faixas, etc. Comentamos isto para que vos fagades unha de por qué nas imaxes non aparec nada que faga imaxinar que é unha concentración. Nun momento dado de escasos segundos, tres compañeiros colaron-se por detrás da sala e mostraron unha pequena cartolina pola xanela da sala onde se podía ler «Anarquis-

mo non é terrorismo», isto motivou momentos de tensión no entanto eran detidos (Cre-se que os ceibarán en 48 horas, embora seu código penal, segundo nos contan, poden contemplar té-los até un mes en prisión).

Durante máis de 7 horas declararon os seis acusados, e finalmente coñecemos a noticia: ía-selles pór en liberdade aos 6, embora terán alguna vista en breve e supomos que a algo os condenará o Estado aínda que non entrarán en prisión. Unha vez fora os encarcerados comentaron os abusos sufridos e dicen haber estado submetidos a torturas para que se declararan culpábeis. Fora todo foron aplausos, abrazos e gritos de xúbilo, mas sen esquecer que agora hai novos detidos.

É un resultado moi satisfactorio, porque de outra maneira, sería moi duro para a ASI manter-se. De facto, xa de por sí costa crer que poda subsistir neste contexto.

Todo o apoio mostrado desde a Internacional e outros sectores contestatários de Sérvia e de intelectuais (case recén chegados do seu éxodo) permitiron esta digna saída.

Hector Feliciano e Carlos Martín, delegados de CNT ao Xuízo.

